



**BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAL EXPERTO EN COOPERACIÓN
INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO
Orde do 26 de xuño de 2014 (DOG 1/07/2014)**

AVALIACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS

En cumprimento do disposto na base quinta, apartados cuarto e quinto da Orde do 26 de xuño de 2014 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria das bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento, a comisión de avaliación, unha vez finalizado o prazo de tres días hábiles para a realización de consultas e reclamacións sobre a lista provisional, e resoltas as mesmas, fai pública no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia e na páxina web <http://www.cooperaciongalega.org/>, a lista definitiva de avaliación dos méritos dos/as candidatos/as por orde alfabética e de puntuación

Así mesmo, a comisión decidiu fixar en **9 puntos** a puntuación mínima necesaria na avaliación dos méritos para acceder á fase de entrevista.

Publicanse como anexos a esta resolución:

- A lista das puntuacións definitivas dos/as aspirantes na fase de avaliación dos méritos (por orde alfabética e de puntuación)
- O lugar, data e horas de celebración da entrevista persoal aos/ás aspirantes que acadaran unha puntuación mínima de 9 puntos na avaliación dos méritos
- Os criterios específicos a avaliar na entrevista

A entrevista se realizará o vindeiro **luns 15 de setembro** e será persoal e presencial, de acordo co establecido na Orde de Convocatoria, polo cal será necesaria a presenza física do candidato/a no lugar e data asignada para proceder a realización da mesma.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa identidade

Santiago de Compostela, a 5 de setembro de 2014

A presidenta da Comisión de Avaliación


Pilar Romero Rodríguez

